



EXPEDIENTE 2025/E001/000006. Proceso de selección para a contratación de tres peóns forestais encargados/as do manexo e actuación do vehículo motobomba (VMV) ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o concello de Touro para prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2024.

Lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, nomeamento de tribunal e data do proceso de selección.

ANTECEDENTES

20.05.2025. Por Decreto da Alcaldía n.º 158/2025, aprobáronse as bases e a convocatoria para do proceso de selección para a contratación de tres peóns forestais encargados/as do manexo e actuación do vehículo motobomba (VMV) ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o concello de Touro para prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2025.

26.05.2025. Anuncio convocatoria e Bases de selección. (BOP. Núm 98)

05.06.2025. Finalización prazo presentación de solicitudes.

16.06.2025 Por Decreto da Alcaldía n.º 220/2025, aprobouse a lista definitiva de admitidos e excluídos, nomeamento de tribunal e data do proceso de selección e publicouse o citado Decreto no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica municipal.

19.06.2025. Constituíuse o Tribunal, procedeuse a realización do proceso, no que por unanimidade acordou:

PRIMEIRO. Elevar a listaxe da persoa aprobada para os efectos da contratación, propoñendo a contratación de Miguel Paz Martínez e Ramón Rendo Facorro.

26.06.2025 Por decreto de Alcaldía nº 245/2025 polo que se resolveu: *Presentar a correspondente oferta no Servizo Público de Emprego de Galicia-Oficina de Santiago Norte nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia ós requisitos e características que deben reunir os/as candidatos/as para o adecuado desempeño das funcións inherentes ó posto de traballo ofertado: un peón forestal encargado/a do manexo e actuación do vehículo motobomba, a xornada completa, por un periodo de tres meses a contar dende a data de inicio do contrato, ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o concello de Touro para prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2025.*

30.06.2025 Listado remitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia de conformidade coa oferta de emprego presentada por este concello (oferta 12-2025-6427):

APELIDOS E NOME	OBSERVACIÓNS
Antelo Hortas Juan José	Participa no proceso
Carollo Suárez M ^a Carmen	Non participa no proceso
García Cao Manuel Daniel	Participa no proceso
Puga Fernández Antonio	Participa no proceso

02.07.2025 Listado remitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia de conformidade coa oferta de emprego presentada por este concello (oferta 12-2025-6427):

APELIDOS E NOME	OBSERVACIÓNS
Antelo Hortas Juan José	Participa no proceso
Carollo Suárez M ^a Carmen	Non participa no proceso
García Cao Manuel Daniel	Participa no proceso
Hermida García Santiago	Participa no proceso



Puga Fernández Antonio	Participa no proceso
------------------------	----------------------

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.
- Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña á Lei 2/2015, de emprego público de Galicia.
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado.
- Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Decreto da Alcaldía n.º 158/2025, aprobáronse as bases e a convocatoria para do proceso de selección para a contratación de tres peóns forestais encargados/as do manexo e actuación do vehículo motobomba (VMV) ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o concello de Touro para prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2025.

RESOLUCIÓN:

PRIMEIRO. Aprobar a listaxe definitiva de admitidos ao proceso selectivo mediante oposición de un peón forestal encargado do manexo e actuación do vehículo motobomba (VMV) ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o concello de Touro para prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2025, como persoal laboral temporal.

PERSOAS ADMITIDAS

Apelidos e nome	DNI	Acreditación CELGA 2
Antelo Hortas Juan José	***9538**	NON
García Cao Manuel Daniel	***5245**	SI
Hermida García Santiago	***3895**	SI
Puga Fernández Antonio	***9085**	SI

SEGUNDO. Nomear ao tribunal cualificador do proceso de selección que terá a seguinte composición:

- Presidente: Manuel Santiago Neira Gómez, axente ambiental no Distrito Forestal III (Consellería do Medio Rural).
- Secretario: Miguel Ángel Liste Otero motobombista e tractorista no Distrito Forestal III (Consellería do Medio Rural)
- Vogal 1º: Manuel Rodríguez Calvo, conductor encargado tractor Concello de Touro.
- Vogal 2ª: Paula Martínez Cereijo, auxiliar administrativa do Concello de Touro.



- Vogal 3ª: María Carmen Becerra Carlín, auxiliar servizos sociais Concello de Touro.

TERCEIRO. Fixar a data para a sesión do Tribunal (constitución e realización da fase de oposición) para o luns día 7 de xullo de 2025 ás 9.00 horas na "Nave de Servicios Municipales" situada en Rúa Río Ulla nº 5 – Fonte Díaz – Touro.

CUARTO. Publicar a presente no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica municipal.

QUINTO. Darlle conta desta resolución ao Pleno do Concello na primeira sesión ordinaria que teña lugar.

Manda e asina, o sr. alcalde, en Touro, na data da sinatura electrónica ao marxe, asinando eu, como secretario-interventor, aos efectos exclusivos de transcripción ao Libro de decretos como garantía da súa autenticidade e integridade e para dar cumprimento ao establecido no artigo 2.1 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, sobre os libros de actas e resolucións das entidades locais galegas.

José López González, secretario-interventor

Roberto Castro Rocamonde, alcalde-presidente